

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº43/ Ano: 2021 / 2º xornal Mes de xaneiro / Estado de continuación 6ª onda

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



O TURISMO NO PARQUE NACIONAL

Por que turísticamente falan mellor de Cíes que de Ons? Ons ten unhas peculiaridades que a fan única, polo que tamén sería unha illa a recomendar no New York Times.

Páx. 1

NOVAS SUBVENCÍONS DA XUNTA

A Xunta vén de sacar outras subvencións, por Impacto Paisaxístico, ás que se poden acoller os veciños de Ons. Concello e Parques informarán e axudarán aos veciños para que poidan solicitalas?.

Páx. 1



RUTA XACOBEA MARÍTIMA DAS ILLAS CASSITÉRIDES

Parece que hai un indicio de luz sobre a reivindicación que levamos facendo dunha Ruta Marítima que comece, en Galicia, no porto de A Garda.


Páx. 3



OBRAS NA ILLA

Parece que levan un mes paralizadas. Unha pena co bo tempo que está a facer en xaneiro.

Páx 3



FOLLETOS E CARTEIS DE EXPOSICIÓNS FOTOGRÁFICAS SOBRE ONS

A carón deste de Paula Ballesteros celebrado no Museo do Pobo Galego e no Centro de Visitantes de Ons, presento outros de varias exposicións, celebradas en diferentes lugares, sobre a Illa de Ons.

Páx. 4

BREVES

- Ons na Memoria. O peirao anegado. Páx. 2
- Salgadoiro de Suxestións. Bueu destino turístico de calidade. Páx. 2
- Contos de Taberna. Papadela na Illa. Páx. 5
- Revista Vagalume. A Illa de Ons. Páx. 6



ONS ETNOGRÁFICA. "TEMPO DE NADAL II"

Na miña teima por reivindicar estudos etnográficos sobre esta engaiolante Illa, aquí deixo outras pinceladas do recompilado sobre a Noiteboa en Ons. Páx. 5

TURISMO NAS ILLAS DO PARQUE NACIONAL

Cando falamos de Ons, parece que o turismo estorba, molesta,..., sen embargo, cando o facemos de Cíes, o turismo é o seu principal obxectivo, e ninguén protesta. Que pasa logo?

Teño claro que a Consellería de Medio Ambiente non foi quen de controlar o turismo no Parque e, no seu momento, aínda tendo a súa parte de razón, botaron todas as culpas ás navieiras do exceso de visitantes. Ninguén lle dixo á Conselleira, que a Xunta, é dicir ela e os seus antecesores, tardaron máis de 15 anos en redactar e poñer en funcionamento unha Normativa (PRUX) para controlar ese exceso o que provocou que as navieiras andasen ao seu aire.

Despois da nefasta actuación da Conselleira Beatriz Mato nese asunto que case forma un importante conflito de orde público, apresuráronse a sacar a Normativa e foi nesa (2019) cando, cun estrito control, as illas do Parque no exceden o número de visitantes imposta no PRUX.

Dende esa Ons ten unha cota de visitantes/día de 1.300 e non pode pasar de aí, pero iso non quita que se busquen actuacións e actividades que atraian a eses turistas para que coñezan unha illa pertencente a un Parque Nacional que posúe unhas características socio-histórico-etnográfico-naturais que a fan única. Así que, todo proxecto encamiñado a dar a coñecer esas peculiaridades, é importante, e esa é a grandeza que ten Ons en diferenza ás Cíes, os seus **valores Sociais**, xunto aos Históricos, Etnográficos e tamén Naturais.

Chama a atención que Anne Lise Sorensen, redactora de viaxes, recomendara no New York Times, a visita ás Cíes, entre outras cousas: *“pola súa fascinante historia, o seu medio natural e litoral, así como a gastronomía”*.

Non vou negar que as Cíes ten todo iso, pero tamén teño claro que non visitou a Illa de Ons, pois por pouco que se preocupara de coñecela, atoparía unha importante Comunidade veciñal, cunha Cultura Popular única, unha etnografía das máis interesantes de Galicia, unha arquitectura mariñeira orixinal, unhas praias, pequenas, pero de excelente area e augas transparentes, cunha historia e arqueoloxía notable,..., e a súa gastronomía, en especial a base de polbo que, de seguro, non atopou nas illas Cíes.

En definitiva, todas as illas do Parque Nacional teñen unhas peculiaridades que as fan atractivas e feiteceiras. Todas son visitables e recomendables, cada unha coa súa especialidade, só hai que cumprir a normativa turística para non destruír esa beleza.



Depósitos nos tellados, galpóns e casetas de bloques e ladrillo, entre outras, serían obras a buscar solución con estas Axudas.

SUBVENCIONS POR “FEISMO” DA XUNTA

RESOLUCIÓN de 20 de diciembre de 2021 por la que se aprueban las bases reguladoras para la concesión, en régimen de concurrencia no competitiva, de las ayudas para actuaciones de corrección de impactos paisajísticos destinadas a personas físicas, gestionadas por este instituto, y se establece su convocatoria para el año 2022 (código de procedimiento MT402A), tramitado como expediente anticipado de gasto.

Cando rematábamos o número anterior onde falabamos da convocatoria de subvencións para o Parque Nacional do ARI, o Sr. Presidente da Xunta e a Conselleira de M. Ambiente anunciaban a saída desta convocatoria de Axudas contra o, como eles lle chaman, <Feismo>.

Saíron publicadas no DOGA o 19 de xaneiro de 2022 e, aínda que non son moi cuantiosas, si poden axudar a mellorar en Ons certas edificacións anexas e outros elementos que causan un impacto visual, paisaxístico e arquitectónico, á que sigo considerando, con algún matiz froito da incompetencia dos políticos que non souberon arranxalo no seu momento, a mellor Arquitectura Popular Mariñeira de Galicia.

Interesantes estas axudas para revestir con pedra onde hai bloque ou ladrillo, poñer tella onde hai uralita, tapar os depósitos de auga que están enriba dos tellados,...

Á vez, estas axudas deberían complementarse coas do ARI e as que oferta anualmente Parques Nacionais que, segundo teño entendido, na anterior convocatoria, 2021, só unha vivenda pediuna. De novo fago un chamamento ao Concello de Bueu, a Parques e á propia Asociación veciñal para que informen, estuden estas convocatorias e fagan o posible para axudar aos veciños na súa solicitude.





ONS NA MEMORIA

Corría o ano 1985, era un xoves santo, logramos ir a Ons o sábado anterior aproveitando as vacacións de Semana Santa. Non parara de chover e o mar case todos os días revolto. Non era unha importante marusía pero, coa marea chea, o mar cubría, como se pode apreciar, o peirao con facilidade.

Vemos ao fondo o pequeno faro do peirao e a grúa e preto de nós a desaparecida caseta da Autoridade Portuaria, que aínda non entendemos o por que Parques mandou esnaquizala.

O peirao era a necesidade máis urxente para os veciños de Ons dos anos 60 do pasado s.XX.

No seu lugar construíron un Centro Cívico.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Un lector envioume unha nota de agradecemento polo labor que desenvolvo a prol de Ons neste pequeno xornal. Entre as palabras de agradecemento, chamoume a atención que comenta: "... miro que hai un pequeno rexeitamento pola súa parte cara ao concello de Bueu. Sufoño que terá o seus motivos, pero creo que este alcalde sempre estivo ao lado dos veciños da Illa nas súas peticións, cosa que non fixeron anteriores alcaldes e menos doutros partidos políticos diferentes ao del ..."

Prezado lector, sería moi longo de contar cales son as razóns, que non son miñas en particular senón da asociación Pineiróns que dirixo, polas que, ás veces, escribo sobre o que se podería facer dende o Concello de Bueu en Ons e non se fai.

Aínda que a indiferenza que hai na corporación cara á nosa Asociación, só polo feito de non ter a nosa dirección postal en Bueu, sendo a única asociación cultural que ten como obxectivo principal, por non dicir único, a Illa de Ons, non vai a quitar que a loita por esa Illa, en todas as súas peculiaridades, que levaron algúns membros dende hai máis de 45 anos e como asociación nos seus 24 anos de historia, nos desanime, máis pola contra, anímanos a demostrarlles todo o que se pode facer por Ons, e á súa vez por Bueu, e non o fan..

Como exemplo, vou engadir unha colaboración á prensa do ano 2002. Diario de Pontevedra 20 de febreiro de 2002

Diario de Pontevedra 20-02-02

Bueu, destino turístico de calidade

Celestino Pardellas de Blas

Recordo a primeira vez que me achequei ó concello do Bueu, (ai máis de 12 anos), coa teima de pescudar sobre uns datos referentes á Illa de Ons. Ía da man dun membro da oposición e cando lle preguntei polas posibilidades de aceptación polo alcalde dun proxecto que lle ía a presentar, díxome: "Este é o concello do <si-si>, todo está ben, os proxectos son fenomenais, faremos todo o que estea da nosa man, ..., pero nada fan".

Tiven tempo de abondo nestes 12-15 anos posteriores para comprobalo. Dúas das miñas grandes teimas: Museo Massó e a Illa de Ons, aínda hoxe, sofren o maior dos esquecementos municipais. Pero hai que ser optimistas, Bueu comeza a espertar dun letargo cultural que dura xa moitas décadas; atópase nunha bisbarra que está a sufrir un declive económico polo mal camiño que vai a pesca, sen embargo, ten un enorme potencial turístico-cultural que pode ser unha inmejorable alternativa á gravísima crise pesqueira que está a afectar á zona.

O municipio de Bueu, a día de hoxe, xa tería que ser un destino cultural de primeira para as miles de excursións escolares e da terceira idade que se fan en Galicia ou con destino Galicia dende outras comunidades, pois ó carón do seu patrimonio artístico-cultural, da súa gastronomía, das praias, ..., conta con tres alicientes que a deberían de elevar a municipio de excelencia turística-cultural-didáctica, como son: A Illa de Ons, o Museo Massó e as novas Rutas de Sendeirismo, tanto no seu municipio como as que se desenvolven por todo o Morrazo.

Agora parece que, un novo ingrediente vense a sumar a esta oferta, o Museo Arqueolóxico, unha excelente idea que espero que teña os seus froitos reais e non sexa outro "si-si", pois Bueu conta cun Museo Massó pechado e unha Illa de Ons (futura integrante dun Parque Nacional) esquecida e abandonada.

Coido que a saída cultural-turística-didáctica do municipio de Bueu sería a mellor alternativa á problemática pesqueira actual e constituiría un paso adiante para que Bueu, e o Morrazo en xeral, alcance o prestixio que se merece e comece unha nova etapa. O Grupo de Goberno nunca o

tivo tan doado, só hai que poñer ganas e moito traballo serio e, se hai que erguer ó pobo enteiro para solicitar á Xunta o apoio que lle foi negado dende sempre, que deixe a un lado as posturas partidistas para que todos sexan unha piña esixindo á Xunta o que, por dereito, lles corresponde e que sempre lles foi negado por falta de afán dos seus responsables políticos.

Aquí van unhas ideas:

1ª.- Abrir xa o Museo Massó e que non se permita que ningún dos obxectos que o fan único, saian del, e se os levaron nalgún momento por calquera motivo, que sexan devoltos.

2ª.- Que se aclare o conflito de propiedade dos veciños de Ons e que se cheguen a acordos definitivos con respecto á problemática de declaración de Parque Nacional, para que non haxa pé a polémicas posteriores e que todo sexa un traballar polo prestixio socio-histórico-natural dunha comunidade que vive na Illa máis importante de todo o litoral peninsular.

3ª.- Que o Museo Arqueolóxico sexa unha realidade e que nel se expoñan as pezas orixinais, non só do xacemento atopado en Alonso, senón das pezas atopadas ó longo dos anos en

todo o municipio e que dormen soños letárxicos nos sotos doutros museos.

4ª.- Que se adacenten, habiliten e programen rutas de sendeirismo arqueolóxico, artístico, naturais, etc., co fin de engadir a un futuro proxecto de atracción turístico-didáctica para o municipio.

5ª.- Que se programen actuacións turístico-didácticas entre concello, asociacións culturais e profesionais turísticos para atraer cara a Bueu a excursións escolares, terceira idade, programas fin de semana, etc., que desestacionalicen a oferta turística e que este municipio se coñeza máis en profundidade e que, nas épocas de altas, sexa un destino turístico de calidade.

Poderíamos seguir dando máis ideas, pero penso que iso e traballo das forzas vivas e dos responsables municipais, Bueu ten un enorme potencial só hai que preparalo, da-lo a coñecer e poñelo ó alcance de todos, aínda que, polo de agora, as vías de comunicación lle dean as costas.

Interesante resaltar que este artigo o escribin o 1 de febreiro de 2002, ven ó caso de que hai, a día 15 de 2002, un novo dato que da pé a unha segunda parte.

RUTA XACOBEOA MARÍTIMA DAS ILLAS CASSITÉRIDES

Corría o ano 1993 cando dende a Xunta deciden revitalizar o Xacobeo. Foi un gran paso para atraer cara a Galicia a miles de turistas e poñer en valor as peregrinacións que, segundo a conciencia de cada un, os levaba cara a Santiago. Das Rutas principais naquel intre, a Marítima era a menos valorada. Agás algunha singradura de verán para rememoralala, pouco máis se facía; sen embargo, debería ser unha das principais, xa que, evoca o derroteiro que seguiron os discípulos do Apóstolo Santiago trasladando o seu corpo, navegando por case todo o litoral sur e oeste da Península Ibérica ata acceder pola ría de Arousa e río Ulla con remate en Iria Flavia.

De xeito persoal e posteriormente por medio da Asociación Pineiróns, comezamos a reivindicar por medio da prensa, escritos, artigos,..., esa Ruta Marítima para que dende as institucións encargadas lle deran o valor que debe ter; pero nada fixeron, sendo unha Ruta que movería os centos de barcos que dormen un soño letárxico nos clubs náuticos galegos e que, á vez, atraería cara ás nosas costas a nautas de todo o mundo, no que chamariamos un turismo de calidade. Foi así como vimos solicitando que a Marítima sexa unha Ruta de importancia e puxémoslle o nome de: **Ruta Xacobeoa Marítima das Illas Cassitérides**, pois na *traslatio*, os discípulos, seguro pasaron, fondearon, fixeron augada,..., nas Illas que hoxe forman o Parque Nacional (Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada).

Pensabamos que este Xacobeo 2021 sería o ano do seu rexurdir, pero de novo, polo menos no 2021 non o foi. Pero, a sorpresa xurde, na Voz o día 21 de xaneiro de 2022, o correspondente de Pontevedra Marcos Gago danos a nova de que: *“Una flota de peregrinos llegará desde el sur de España a las Rías Baixas en primavera”*. Lemos con curiosidade a noticia e comprobamos que se está a preparar unha gran peregrinación marítima dende Andalucía, programada pola asociación de clubs náuticos de Galicia e Portugal en colaboración coa Xunta e a Junta de Andalucía. Dita singradura, ao chegar a Galicia, visitará un bo número de clubs náuticos da ría de Vigo, Pontevedra e Arousa, intentarán chegar ata Pontecesures e despois, seguindo o Camiño Portugués, irán cara a Santiago de Compostela para dar remate á súa peregrinación.

Interesante esta iniciativa que en Galicia leva, Asnauga, e que pode ser o comezo, neste ano Santo a maiores 2022, de que a Ruta Marítima, polo menos en Galicia, comece a súa navegación en A Garda e remate en Pontecesures, pasando e parando, dende logo, nas Illas Cassitérides e que colla o esplendor que se merece con axuda das institucións encargadas.

http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/04/011_04_AsociacionPineirons.pdf

http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/06/006_06_AsociacionPineirons.pdf


http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/08/006_08_AsociacionPineirons.pdf

http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/09/023_09_AsociacionPineirons.pdf

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/25/01-Ruta%20Xacobeoa-Tinon.pdf>

http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/09/020_09_AsociacionPineirons.pdf

<https://www.farodevigo.es/opinion/cartas-al-director/2021/10/08/alcalde-caballero-ruta-maritima-xacobeoa-58130673.html>



Fotos: verdenorte.com / abcviajes.com / xacopedia.com




OBRAS NA ILLA

Rematado o verán, comezaron obras de importancia na Illa de Ons levadas a cabo polo Parque, entre as que está, o soterrar, nunha primeira fase, o cable eléctrico dende Curro a Pereiró.




Á vez, estamos á espera de que, aproveitando esa obra, dean remate ás rodeiras, que quedaron paralizadas a un km. aprox. do Campamento hai 30 anos e que tan bo resultado deron. Unha pena que dende o Nadal, cun tempo espléndido, as obras estean paradas, sabendo como é a climatoloxía na Illa, e que despois, coas chuvias, haxa retrasos e présas. A ver que pasa.

Folletos dalgunhas das exposicións fotográficas sobre a Illa de Ons.




X. Raño. Sala Amalia Domínguez Búa. Bueu. 2002

Anxo Cabada. Sala Amalia Domínguez Búa. Bueu. 2000



Alberte. Museo Massó. La Isla 2007-2009. Bueu. 2009



Staffant Mörling. Escola Isla de Ons. 2007



Pineiróns. Fotos Celestino Pardellas de Blas. Escola Illa de Ons. 2008.



CONTOS DE TABERNA. “PAPADELA NA ILLA”

Era un día de inverno, pero acompañaba o tempo. Correu o rumusmus de que había esa fin de semana barco á Illa, e os wasapos non deixaron de funcionar. Quedamos en ir. Alvarito decidiu achegarse ata a costa de Soavela a ver se caían uns robalos, sargos ou, polo menos, uns pintos, e facer unha boa caldeirada o sábado en Ons.

Alá foi. Nada máis chegar <Lansa e Firme>, un pequeno sargo picudo caeu. Comezaba ben a cousa, pero o tempo pasaba e <Lansa e Nada>, <Lansa e Nada>, <Lansa e Nada>,..., co que decidiu deixar a cousa.

Mandoume un wasapo co collido. Díxenlle que non se preocupara que cuns cantos kg de patacas, todo arraxado. Pregunteille cantos kg necesitaríamos e contestoume que un tractor.

Sen pensalo dúas veces, púxeme ao mando do Tractor Patera, que tanto navega polo mar como circula por terra, e cara á Limia fun e vin cargado. Chegado á Illa, púxenme en contacto co noso cociñeiro de cabeceira “*Arturus Alolocus*”. Arturus é moi auniense e todo o fai en romano. Díxome: - Traede o material que eu me encargo.

Como un chef de 5 estrelas que é, e ao mando dos fogóns, preparou un prato romanus especial: <*Tuberculum con aire de sargus e prebe de sargassum marítimum*>. Unha exquisitez de prato.

Iso si, a fame que pasamos queda para outro Onstopus.



ETNOGRAFÍA

“TEMPO DE NADAL II”

Sei que é molesto que asiduamente enfastie e amole aos lectores dicíndolles que Ons é un dos escasos recunchos galegos que polo seu illamento durante dous séculos agocha unha cultura popular única e que o seu Patrimonio Inmaterial, etnográfico, non foi estudado por especialistas o que provocou, coa emigración forzosa ao continente dos aunienses, que esa cultura se perda para sempre.

Eu seguirei reivindicando o seu estudo, aínda que sei que @s aunienses que hoxe poden contarnos algo son pouc@s e cunhas versións moi deterioradas pola paso do tempo e da inmersión noutra cultura máis urbana.

(Contaba José Reiriz. 1975)


“Pola tarde do día de noiteboa, saían os barcos a pescar para facer a caldeirada. Dícían que traería boa sorte facer unha boa pesca esa tarde, pois a dorna que non pescaba ou pescaba pouco, podía ser que estivera enmeigada e tiñan que desenmeigala esa mesma noite, senón non pescaría ben en todo o ano.

Para quitarlle o meigallo, tiñan que poñela quilla arriba esa noite. O día de Nadal levaban á igrexa un caldeiro con auga do mar para que lla bendicira o cura. Se o cura non estaba na Illa, deixaban o caldeiro coa auga na igrexa todo o día de Nadal, ata as 12 da noite. A esa hora ían a praia onde estivera a embarcación e baldeiraban a dorna coa auga bendicida á vez que a fregaban coas cinzas do Pau de Noiteboa.

Tamén na Noiteboa, había que poñer un prato para as ánimas. A mesa non se recollía esa noite para que as ánimas viñeran logo a comer. Ese día facíanse as fiadas, ían cos pandeiros a tocar ata o Centulo. Preparaban os perníns de porco e ao chegar os asaban. Ata a hora da cea había festa e cantábanse coplas:

- Noiteboa, Noiteboa/ non é noite de durmir/ Noiteboa de parranda/ Noite de se divertir.
- A parranda ía boa/ se lavaran os platinos/ pero como non os levan/ a parranda vai de pillos. ”.....

As illas de GALICIA



Na entrada da ría de Marín, entre o cabo Udra polo Sur e a punta de Cabiastro ó Norte, hai dúas illas que protexen a ría: Ons e Oncela; esta última deshabitada.

XEOGRAFIA

A illa de Ons atópase mais ben entre as puntas da Lanzada e Cabiastro. Ten de longo pouco máis de tres millas.

A illa foi propiedade particular, mercada, asegund di Alvaro das Casas no seu traballo, en 300.000 ptas. Hoxe é Patrimonio do Estado despóis de ser ofrecida ós paisanos pra que a mercaran, e estes responder que non, porque non tiñan ningún dereito a cobrarlles por un sitio onde levaban vivindo de sempre.

Por estar moi pouco habitada, as partes N. e S. son moi probes, traballándose as terras moito máis no Centro.

A illa ten ó Norte os montes do Centolo, Cerrado, Pendente ancha, Xovenco, Coba de vella e Gaiteiro, e os lugares do Centolo e Cucorno; ten tamén unha praia pequena, a de Melide; ó Sur está o lugar de Pereiró, e a costa remata nunha liña acantilada que vai dende a punta de Fedorento á de Rego de Egoa.

A illa está moi pouco habitada, sendo neste intre arredor de 18 familias as que a habitan

Ten un faro dende o cal se domina toda a illa: montañas en abas suaves coas cumes romas; piñeiros na parte Sur, alcolitos e ningún carballo, nin nogeiras. Sí hai figueiras, limoeiros e laranxeiros. Nas montañas abondan os fentos, toxos, carpazas, xestas, margaridas, alegrín e prixel. Tomiño, erbaboa, ourego e ruda.

O principal medio de economía é a pesca axudándose do cultivo da terra. Cultivan millo, patacas, fabas e legumes. Pro o peixe é o que máis abunda: muxos, cravas, fanecas, crongos, luras, pizaneiras, centolas, percebes, sarráns, maragotas, pintos, rabalas, chamizas, praguetas, buratas, cabalas, xurelos, mexilóns, mariolas, lorchos, xaxáns, e, sobre todo, polbos.

HISTORIA

Pouco se sabe da historia da illa. Fálase "do castelo dos mouros". Dise tamén que a illa de Ons e de Oncela son as "Insulae deorum" das que fala Prometeo. Hai un lugar chamado "Laxe do Crego" que é un penedo que se descobre na baixamar. A tradición di que antigamente a terra adiantaba aínda máis da "Laxe", e que neste lugar había un fermosísimo mosteiro que se esborrallou "cando os franceses". O N.L. óllase unha fortificación acastellada, antiga defensa da ría polo N.; unha lénda di que por embaixo sae un camiño que vai por debaixo do mar e chega á costa de Portonovo.

Os vellos contan que a illa estivo deshabitada hastra o ano 1820 e que viñeron de Loira tres familias apelidadas López, Piñeiro e Comesaña, e que tomaron a illa sin permiso de ninguén. O dono, que era o marqués de Valladares, ó anterarse chegou a illa pra botalos fóra, pro ben pouco faltou pra que o matasen, tendo que fuxir nunha dorna pra Bueu.

A HABITACION OU CUARTO

As casas da illa son probes, e, polo xeral de planta baixa, habendo dúas ou tres de máis dunha planta. Rente á casa teñen a corte, nun estado tamén moi probe e moi pouco hixiénico, polo que na illa hai a miúdo enfermidades, en especial da pel. Cando estruman a corte fano con toxo e golfeiros.

Os da illa son pouco relixiosos. Non teñen médico nin cura.

A súa gandería polo xeral son vacas, cabras e porcos.

Polo monte hai unha grande variedade de páxaros; tamén hai cotovíños e moitos coellos.